

Referencia:	2024/11550G
Procedemento:	P2 - Preparación, gestión y adjudicación del contrato
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (526)	

## INFORME XURÍDICO

**-Asunto:** Contratación do subministro “Subministro de combustible, aditivos e aceite combustible ao parque móbil e de maquinaria da Deputación Provincial de Ourense”

### **INFORME DA VICESECRETARÍA XERAL**

#### **- ANTECEDENTES:**

**Único:** Con data 20.08.2024 foime remitido desde a sección de contratación desta Deputación, e a través do xestor de expedientes electrónicos MyTao, o encargo consistente na emisión do informe xurídico no expediente de referencia (núm. 2024/11550G).

Como documentos máis significativos do expediente constan a proposta de contratación, o informe de fiscalización da intervención provincial, a xustificación da necesidade do contrato e acordo de incoación do expediente de contratación, o PCAP e o PPTP.

#### **- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**PRIMEIRA:** A **lexislación aplicable** vén constituída pola *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*, *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA)*, a *Lei 9/2017, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en adiante LCSP)*, o *RD 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público, o RD 1098/2001, que desenvolve o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) e a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)*.

**SEGUNDA:** En canto ao **obxecto deste informe**, o apartado 8 da Disposición adicional 3ª da LCSP, relativo ás normas específicas de contratación das entidades locais, indica literalmente que os informes que a Lei asigna aos servizos xurídicos evacuaranse polo Secretario. Será tamén preceptivo o informe xurídico do Secretario na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas,

mantemento do equilibrio económico, interpretación e resolución dos contratos. Corresponderá tamén ao Secretario a coordinación das obrigacións de publicidade e información que se establecen na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**TERCEIRA: O artigo 25.1 a) 1º.** dispón que teñen carácter administrativo, entre outros, os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos.

A continuación engade que os **contratos administrativos** rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Con todo, aos contratos administrativos especiais a que se refire a letra b) do apartado anterior seranlles de aplicación, en primeiro termo, as súas normas específicas.

**CUARTA:** En canto ao **inicio** do expediente a súa regulación atopámola non **artigo 116 da citada LCSP** e onde se establece, para o importa aos efectos deste expediente, que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante. O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 7 do artigo 99 para os contratos adxudicados por lotes.

Polo que se refire ao **contido e aprobación do expediente de contratación, os artigos 116 e 117 da LCSP** indican que *“...ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que haxan de rexer o contrato. No caso de que o procedemento elixido para adxudicar o contrato sexa o de diálogo competitivo regulado na subsección 5.ª, da Sección 2.ª, do Capítulo I, do Título I, do Libro II, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento descritivo a que fai referencia o apartado 1 do artigo 174. No caso de procedementos para adxudicar os contratos baseados en acordos marco convidando a unha nova licitación ás empresas parte do mesmo, regulados no artigo 221.4, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento de licitación a que fai referencia o artigo 221.5 último parágrafo. Así mesmo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito ou, no caso de entidades do sector público estatal con orzamento estimativo, documento equivalente que acredite a existencia de financiamento, e a fiscalización previa da intervención, no seu caso, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria...”*. Igualmente debe incorporarse informe ou documento da Intervención que conteña unha análise no que se cuantifique e valore as

repercusións e efectos desta contratación de conformidade co artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOESF) e o artigo 32.3 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, no sentido que estableceu a sentenza da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo do 1 de xullo de 2021 (número 952/2021).

Ademais no expediente de contratación **deben xustificarse adecuadamente os seguintes extremos** "...a) *A elección do procedemento de licitación. b) A clasificación que se esixa aos participantes. c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo. d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen. e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional. f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios. g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso...*".

Examinado o contido do expediente posto a disposición, resulta que a súa tramitación verificarase mediante o **procedemento aberto** regulado nos *artigos 156 a 158 da LCSP* e caracterizado porque nel todo empresario interesado poderá presentar unha proposición (sen prexuízo dos requisitos de clasificación, solvencia ou outros determinados no PCAP) e quedando no mesmo excluída toda negociación dos termos do contrato, e será obxecto de tramitación polo **trámite ordinario** previsto nos *artigos 116 ao 117* do texto legal de referencia.

Pola súa parte o **PCAP**, que segundo reiterada xurisprudencia constitúe a auténtica lei do contrato (*por todas a STS 19.03.2001*) contén todas as determinacións esixidas polo artigo 122 da LCSP.

Ao tratarse dun contrato **non suxeito á regulación harmonizada**, son preceptivas as publicacións no perfil do contratante e na plataforma de contratos do sector público (ou no seu defecto na de Galicia), pero non no DOUE, todo elo de conformidade co sinalado nos *artigos 135. 1 e 3, 156.2, 3 letra c) e 5, en relación co artigo 63 da LCSP*.

En consideración ao indicado, e examinado o expediente posto a disposición, (núm. 2024/11550G), nel figuran **todos os documentos e xustificacións requiridas pola normativa aplicable**.

**QUINTA:** No que respecta á competencia como **órgano de contratación**, e á vista do disposto na *disposición adicional segunda da LCSP, no seu apartado primeiro*, e



considerando o valor estimado e duración do contrato proposto, esta lle corresponde á Presidencia da Deputación.

**SEXTA:** Unha vez adxudicado o expediente de contratación, se procedese, débese dar cumprimento as obrigas de publicidade activa (no perfil do contratante, na PCSP e no portal de transparencia), e de remisión de información ao Tribunal de Cuentas e ao Registro de Contratos do Sector Público, previstas nos artigos 63.4, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

**CONCLUSIÓN:** Infórmase **favorablemente** o expediente de contratación proposto.

Este é o meu informe, que emito, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado e do que o órgano de contratación e/ou a Corporación Provincial estimen pertinente resolver.